

A coruñesa Dores Tembrás –Bergondo, 1979– vén de presentar na editorial Espiral Maior “O pouso do fume”, o seu primeiro poemario

# Os aneis de cinza de Dores Tembrás

**Un conxunto persoal e inzado de grandes referencias**

**LIBROS**

ARMANDO REQUEIXO




“ Afumadas/ as últimas gotas de aceite/ fixéronnos así/ inexactas/ de flanela e la/ de mimosas e candeas de plumas/ pero/ que reconten os grilos dos nosos petos/ os furados dos nosos pantis/ as chaquetas xéneas/ as botas enlamadas/ saberán/ que a pé de lume nos criaron/ tatuado nos ollos/ levamos o pouso”. Alguén que é capaz de escribir un poema así non debería pasar desapercibido. Que quen o asine sexa, amais, unha autora novel que se estrea con composicións coma esta é, sen dúbida, dobremente extraordinaria.

“O pouso do fume” é o volume no que poden acharse os versos precedentes e moitos outros de impecable factura. Poemas que deitan unha melancólica ollada á infancia ida, aneis de cinza dun tempo de lacenas gastas e limoelros de citróns secos, de amarotes dos camiños e bobinas de fío infinito, lavandeiras de río a esfregar decote e papaventos e mais xoaniñas, daquel nadal dos cinco anos con anxos de papel dourado e invernías de corazón mancado, xeografías sentimentais habitadas por mestres no ritmo da gharlopa, xenealoxfía de esfolladoras e debulladoras.

**Tempo de nenez** > A tribo do rus, unha estirpe matriarcal da que voz lírica se declara herdeira que debuxa o territorio preciso da súa épica: as terras bergondiñas todas, chámense Toca ou Burreiros, sempre entre mares interiores do Encoro de Cecebre e a Ría de Sada.

Ese tempo da nenez que endexemais ha marchar definitivamente porque viaxa na nosa memoria e nos configura, ese espazo das xeiras e andainas primeiras nas que adeprendemos a ser pobo son vistos por Tembrás como cicatrices do ser balorecido que cónforme revivir na acordanza para cauterizar un presente de palabras que tenta ser unha cartografía salívica. Velaí a razón de ser da estrutura tripartita do poemario: “Oxidación”, “Combustión” e “Pouso”, coma se dun esconxuro procesual, unha sorte de salmodia



*Dores Tembrás*

**O POUSO DO FUME**

ESPIRAL MAIOR  
POESÍA

**Capa do poemario de Tembrás**

## PROMETEDORA

“Dores Tembrás, voz que emerxe para nos lembrar que, lonxe dos urros dos apocalípticos, as nosas letras teñen futuro”

ou ladaíña fosen todos e cada un dos cantos deste libro, tan próximo por diferentes motivos ao lóstrego entre brétemas dos versos de Eva Veiga, á nudez descarnada de Lupe Gómez, ao turismo fundacional de Olga Novo, ás presenzas patriciais de Olalla Cociña e, sobre todo, á poética avesía e esgazadura de Alejandra Pizarnik, a quen Tembrás homenaxeá máis dunha vez.

**Organicidade** > Non estou abondo convencido da necesidade de

incorporar ao conxunto os cinco poemas finais (apenas luzadas do anecdotico –“Marabillas nº4...”, apuntamentos sociais –“Tí soubetches ocultar...”, paraíkus –“Amor...”, brevísimas epifanías –“Despois de todo...” ou colofóns líricos –“Pasou febreiro...”), que máis semellan unha peaxe extensional ou engadido puramente sumativo que unha agregación in cardinada nun conxunto que, polo demais, amosa unha organicidade integral realmente lograda. Mais estas miudallas de prurito lector se cadra nin sequera deberían de se considerar á vista da más que prometedora primeira apostila deste “O pouso do fume” de Dores Tembrás, voz que emerxe para nos lembrar que, lonxe dos urros dos apocalípticos, as nosas letras teñen o futuro máis que asegurado na mestría da verba que despregan autoras como a presente.